

DATA	04/11/2008
Nº	2176/2008

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución do servizo de redacción do plan xeral de ordenación municipal, a adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

#### ANTECEDENTES

1. O 17 de xullo de 2008, mediante a resolución nº1404, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración do devandito servizo.

2. A tal efecto publícanse anuncios da licitación no diario Diario Oficial da Unión Europea (remitido a través da pasarela SIMAP o 17 de xullo, publicado o 25 de xullo), no Boletín Oficial do Estado (nº 181, de 28 de xullo), Boletín Oficial da Provincia da Coruña (nº 176, de 1 de agosto), no xornal La Voz de Galicia publicado o 20 de xullo e no perfil de contratante do Concello.

3. A Mesa Xeral de contratación en sesión celebrada o día 11 de setembro de 2008, analiza a documentación administrativa. Observados diversos defectos materiais, de conformidade co sinalado na cláusula 15 do prego de condicións administrativas particulares que rexe o procedemento, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, conceder un prazo de tres días hábiles para a subsanación de diversos aspectos. En sesión celebrada o 16 de setembro, unha vez analizada a documentación presentada polos licitadores, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda admitir as ofertas presentadas á licitación e proceder á apertura dos sobres nº 2, acordando remitilas á Comisión técnica de asistencia á Mesa de Contratación. Esta Comisión Técnica, de conformidade co disposto no artigo 134.2 LCSP e na cláusula 14 do PCAP, a Mesa de Contratación estará asistida por un Comité de Expertos constituída por un técnico superior nomeado pola Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia, un arquitecto superior externo designado polo Concello de Culleredo, un arquitecto superior designado polo Colexio Oficial de Arquitectos e un enxeñeiro aeronáutico designado polo seu correspondente colexio oficial, deberá emitir un informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación, agás o factor prezo. Os integrantes da Comisión, nomeados mediante resolución nº 2041 da concelleira de economía, facenda, réxime interior e seguridade, foron:

- D. Jorge Manuel Salgado Cortizas, en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- D. José Manuel Creo Hombre, en representación da Xunta de Galicia.
- D. Javier Hortelano del Castillo, en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Aeronáuticos.
- D. José Miguel Vázquez García, como Arquitecto superior externo designado polo Concello de Culleredo.

4. Visto o informe emitido o 23 de outubro pola Comisión técnica de asistencia á Mesa de Contratación e o informe emitido polo xefe de sección de xestión orzamentaria de valoración das ofertas económicas e analizadas as ofertas, en sesión de 31 de outubro a Mesa Xeral de contratación, determina a oferta máis vantaxosas para esta

DATA	04/11/2008
Nº	2176/2008

Administración en base aos criterios establecidos nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación,

		licitador	Monteoliva arquitectura, S.L.P	Prointec, S.A.
Capacidade de dedicación ao traballo obxecto de licitación			30	28
Memoria metodolóxica	metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo		18	20
	axeitamento dos métodos de información e diagnose territorial, a idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos, a proposta metodolóxica respecto da información ao público e a relación con outras institucións ou organismos		16	11
Oferta económica			10,9	5,3
<b>total</b>			<b>74,9</b>	<b>64,3</b>

e formula proposta de adxudicación a favor da empresa Monteoliva arquitectura, S.L.P.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, á vista da proposta pola Mesa de Contratación unha vez ponderados os criterios de selección establecidos no PCAP.

2. O artigo 135 LCSP establece que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado.

SEGUNDO.- Adxudicar provisionalmente a execución do servizo de redacción do plan xeral de ordenación municipal á empresa Monteoliva arquitectura, S.L.P, CIF B-15148729, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adxudicación establecidos, fixando o prezo en 283.000,00€, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades:

2008: 120.000,00€ (A 200800012821)

2009: 163.000,00€

SEGUNDO.- Requerir ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación: :

DATA	04/11/2008
Nº	2176/2008

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

i. A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase mediante a presentación da seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento xeral da LCAP:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obriga de pagamento, ou, de ser o caso, declaración responsable de non estar obrigado ao pagamento. A alta deberá acompañarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o exercicio no ámbito territorial en que as exerzan, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da administración do Estado, no que respecta ás obrigas tributarias con este último.

No caso de que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan, deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

ii. A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente

b) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

c) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación.

TERCEIRO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que antes da formalización do contrato deberá aboar en concepto de anuncios de licitación as seguintes cantidades:

BOE nº 181 de 28/07/2998: 863,64  
BOP nº 176 de 1/08/2008: 184,68 €  
La Voz de Galicia, 20/07/2008: 788,80 €

DATA	04/11/2008
Nº	2176/2008

CUARTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez transcorrido o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedese á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicatario provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na valoración, sempre que isto fose posible.

QUINTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

Contra a presente resolución de adxudicación provisional, de acordo co disposto polo artigo 37 da Lei 20/2007, poderá interpoñerse recurso especial en materia de contratación ante o órgano de Contratación, no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da adxudicación provisional no Perfil do Contratante do Concello de Culleredo, sen que proceda a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Así mesmo, contra a resolución expresa do recurso de especial en materia de Contratación, ou contra a desestimación por silencio, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do recurso especial en materia de Contratación, ou ben no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso especial, de acordo co que se establece nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

En todo caso, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 3 de novembro de 2008  
A proposta de  
O xefe de sección de xestión  
orxamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime  
interior e seguridade

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Dou fe,  
O secretario xeral

Intervenido e conforme,  
A interventora xeral

Asdo/ Raúl Martínez Martínez

Asdo/ Ana Mª Prieto Martinez